



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

XI lexislatura  
Serie Deputación Permanente  
Número 1

**Sesión da Deputación Permanente**  
14 de xaneiro de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGDH4uMLJ8  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## ORDE DO DÍA

---

Punto único: Solicitud das deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego de celebración dunha reunión urxente da Deputación Permanente para que se proceda á convocatoria dun Pleno extraordinario que inclúa na orde do día a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar sobre as medidas que se van adoptar para frear a terceira onda da covid-19, o plan de vacinación e as medidas para compensar os sectores económicos máis afectados pola pandemia. (doc. núm. 7585, 11/SCDP-000004)



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión á unha e cinco minutos da tarde.*

*O señor presidente abre a sesión da Deputación Permanente e prégalle á señora secretaria (Prado Cores) que proceda á comprobación da asistencia. (Páx. 4.)*

*A señora secretaria (Prado Cores) comproba a presenza dos membros da Deputación Permanente e, se é o caso, das substitucións producidas. (Páx. 4.)*

*Logo de verificada a existencia de quórum, o señor presidente comeza co desenvolvemento da orde do día, que consta dun punto único. (Páx. 4.)*

**Solicitud das deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario coa seguinte orde do día: Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar sobre as medidas que se van adoptar para frear a terceira onda da covid-19, o plan de vacinación e as medidas para compensar os sectores económicos máis afectados pola pandemia**

*O señor presidente explica a ordenación do debate. (Páx. 4.)*

*Rolda do grupo parlamentario proponente: Sr. Lourenzo Sobral (BNG). (Páx. 5.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios non proponentes: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 8.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 11.)*

*Rolda de peche do grupo parlamentario proponente: Sr. Lourenzo Sobral (BNG). (Páx. 14.)*

*O señor Puy Fraga (P) pide a palabra por unha cuestión de orde. O señor presidente concédelle a palabra, que dá lugar a un breve diálogo co señor Lourenzo Sobral (BNG). (Páx. 16.)*

*Rematado o diálogo suscitado polo señor Puy Fraga (P), o señor presidente somete a votación a solicitude incluída na orde do día. (Páx. 17.)*

*Votación sobre a solicitude, do G. P, do Bloque Nacionalista Galego, de convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia do señor presidente da Xunta de Galicia para informar sobre as medidas que se van adoptar para frear a terceira onda da covid-19, o plan de vacinación e as medidas para compensar os sectores económicos máis afectados pola pandemia: rexeitada por 10 votos a favor, 13 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 17.)*

*Remata a sesión á unha e cincuenta minutos da tarde.*



*Ábrese a sesión á unha e cinco minutos da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese esta sesión da Deputación Permanente e prégolle á secretaria, dona María Monserrat Prado Cores, que proceda á comprobación da asistencia.

**A señora SECRETARIA (Prado Cores):** Moi bo día.

Pablo Arangüena Fernández: si.

Xosé Luís Bará Torres: si.

Gonzalo Caballero Miguez: si.

María Elena Candia López: si.

Francisco José Conde López (*Substituído por José Manuel Balseiro Orol.*)

María Sol Díaz Mouteira (*Substituída por Marta Nóvoa Iglesias.*)

Manuel Antonio Lourenzo Sobral: si.

Alberto Núñez Feijóo (*Substituído por José Alberto Pazos Couñago.*)

Marina Ortega Otero (*Substituída por Luís Manuel Álvarez Martínez.*)

Patricia Otero Rodríguez (*Substituída por Susana Díaz Varela.*)

Ana Pontón Mondelo (*Substituída por Ramón Fernández Alfonso.*)

María Corina Porro Martínez: si.

Paula Prado del Río: si.

Noa Presas Bergantiños: si.

Pedro Puy Fraga: si.

José Manuel Rey Varela (*Substituído por Carmen María Pomar Tojo.*)

Olalla Rodil Fernández (*Substituída por Alexandra Fernández Gómez.*)

Alfonso Rueda Valenzuela (*Substituído por Teresa Egerique Mosquera.*)

Miguel Ángel Tellado Filgueira: si.

María Ángeles Vázquez Mejuto (*Substituída por Raquel Arias Rodríguez.*)

María Montserrat Prado Cores: si.

Diego Calvo Pouso: si.

Miguel Ángel Santalices Vieira: si.

Hai quórum.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Hai un punto único na orde do día.

**Solicitud das deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario coa seguinte orde do día: Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar sobre as medidas que se van adoptar para frear a terceira onda da covid-19, o plan de vacinación e as medidas para compensar os sectores económicos máis afectados pola pandemia**

**O señor PRESIDENTE:** A ordenación do debate consistirá nunha rolda inicial do grupo parlamentario proponente, por un tempo de dez minutos; unha rolda dos grupos parlamentarios



non proponentes para o seu posicionamento, por un tempo de dez minutos cada un; e unha rolda de peche do grupo proponente, por un tempo de cinco minutos. Posteriormente procederemos á votación.

Polo tanto, comezamos coa rolda do grupo parlamentario proponente. E para isto ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Manuel Antonio Lourenzo Sobral.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Moitas grazas, presidente.

Moi bo día a todas e a todos.

Dende o BNG vimos de solicitar a convocatoria desta reunión da Deputación Permanente para solicitar a comparecencia nun pleno extraordinario do presidente da Xunta de Galiza por unha circunstancia que a ninguén nos escapa que é unha circunstancia excepcional. É excepcional pola gravidade da pandemia que estamos a padecer. É excepcional polo preocupante da evolución que estamos a vivir nos últimos días —que mesmo por parte de representantes dos gobernos se nos dicía que presentaba os peores prognósticos desde que se iniciou a pandemia—. É excepcional tamén —digámolo en termos técnicos— porque nos colle nun momento no que o Parlamento se atopa nun período inhábil. Polo tanto, este é o procedemento que cómpre seguir para solicitar este pleno no que se produza esa comparecencia —que ao noso xuízo é absolutamente indispensable— do presidente da Xunta de Galiza.

E dicimos isto porque, se ben entendemos que ante momentos importantes, como pode ser a propia tramitación dos orzamentos, este período inhábil sexa superado para abordar cuestións deste tipo, cremos que é dificilmente entendíbel por parte desta sociedade que, ante unha situación de pandemia como a que estamos a ter na actualidade, coa gravidade que reviste e coa evolución que reviste, non sexamos quen de coller dalgún xeito aquilo que nós entendemos que é unha demanda do pobo galego, e que non é outra que a de que este Parlamento faga gala da soberanía popular sobre a que reside e sexamos quen de abordar as cuestións, a evolución, os problemas e, por que non, os acordos e as posíbeis solucións ou os posíbeis atallos que poidamos poñer enriba da mesa para levar a adiante as melloras que este pobo demanda pois alá onde cómpre, alá onde corresponde, que é no propio Parlamento galego.

Dicimos isto porque nos atopamos ademais coa situación de que a vindeira sesión plenaria se atopa aínda a finais deste mes, no día 26. E nós cremos que a urxencia da situación —urxencia que foi defendida mesmo polo propio grupo que sostén o Goberno, e polo propio Goberno da Xunta de Galiza— require que, como Parlamento, como organismo no que reside a soberanía do pobo galego, sexamos quen de xuntarnos e sexamos quen de coller ese mandato, esa demanda do pobo galego, e poñer enriba da mesa todas as demandas e todas aquelas cuestións que eu creo que a sociedade galega nos está a demandar.

E dicimos isto porque hoxe por hoxe a situación de todos é coñecida, é dramática. Estamos ante un balance absolutamente desolador no que hoxe temos preto das 1.500 persoas falecidas —1.451 segundo o último dato que eu puiden contrastar—. Asistimos tamén a un



drama nas residencias dos nosos maiores, centos de persoas hospitalizadas loitando contra o virus, 70.000 contaxios, case 10.000 casos activos, 438 hospitalizados —como dicía, 73 deles na UCI— e unha incidencia que se viu duplicada en catorce días, con 325 casos por cada 100.000 habitantes.

Pero, alén disto, o que se nos di é que a propia evolución da pandemia, co prognóstico que temos de cara ao futuro máis inmediato, supón un futuro que require o esforzo de todos e todas, un futuro que require o compromiso de todas e todos nós. E, dende logo, en calquera sociedade democrática, en calquera sociedade que crea no parlamentarismo —no que cremos dende o BNG e estou convencido de que iso é o que demanda tamén a sociedade galega—, requírese que iso se realice neste Parlamento. E debe facerse, ademais, a partir da comparecencia do principal responsábel da Xunta de Galiza, a través do presidente da Xunta de Galiza.

Ante unha evolución dos datos absolutamente preocupante, cunha vacina na que todas e todos temos depositadas grandes esperanzas, tampouco podemos obviar que queda moitísimo camiño por percorrer, un camiño que ademais está inzado de incertezas. Está inzado de incertezas no sanitario, inzado de incertezas no social e inzado de incertezas tamén no económico. E dicimos isto porque, alén deste drama sanitario, deste drama que todos percibimos e contra o que todos entendo que non debemos aforrar esforzos, está tamén unha situación socioeconómica absolutamente límite. Temos unha hostalaría que non albisca futuro, unha hostalaría que onte mesmo veu de ter que escoitar unhas medidas tremendamente restritivas que a condenan en moitísimos casos a unha situación absolutamente dramática. Temos máis de trinta mil traballadores e traballadoras nos ERTE, e outros que simplemente perderon o seu emprego e que non albiscan futuro para que isto se volva reverter.

Polo tanto, eu creo que é necesario que este Parlamento cumpra as funcións para as que ten o seu cometido. É necesario que neste Parlamento poñamos todos da nosa banda e todos sumemos; aínda, dende logo, dende as discrepancias evidentes, dende as lexítimas diverxencias que vai haber e que seguro que haberá. Mais eu creo que se exige de todas e todos nós que poñamos enriba da mesa as solucións aos proxectos que cada un de nós podemos aportar para afrontar esta emerxencia económica e sanitaria para que neste ano 2021, dende logo —como así o cremos indispensábel por parte do BNG—, sexamos quen de reforzar a sanidade pública, sexamos quen de poñer en marcha un novo modelo de coidado das persoas maiores e sexamos quen de activar e reactivar social e economicamente este país.

E, sobre todo, temos que ser quen de solventar episodios que eu creo que non deixan en moi bo lugar este país, con declaracións como as que vimos de escoitar por parte do presidente da Xunta cando, por unha banda, nos di que o obxectivo fundamental era salvar o Nadal e, ao día seguinte, que aquelas medidas que se implementaron fora mellor en boa medida non telas levado a adiante; cando un día se nos critican cuestións que realizan unhas administracións e ao día seguinte implementamos medidas exactamente nesa mesma liña desas administracións.

E tamén entendemos que nunha sociedade democrática merecente de tal nome —e non teño ningunha dúbida de que todos os que aquí estamos así o consideramos, esa é a nosa aspira-



ción— non é de recibo que os representantes do pobo galego se teñan que enterar de medidas como as que, por exemplo, se implementan para a nosa sociedade, para os nosos sectores económicos, a través da prensa ou, no mellor dos casos, cinco minutos antes de que se inicie unha comparecencia de prensa por parte do presidente da Xunta de Galiza.

Nós temos claro que ese tipo de debates deben darse naqueles organismos que están regulados para o efecto. E nós, dende o BNG, dende logo propoñemos unha serie de principios, unha serie de medidas, que entendemos que son fulcrais no contexto —sono sempre pero moito máis no contexto que estamos a vivir—; medidas como o reforzo da atención primaria, medidas como o incremento dos rastrexos para os tempos que veñen, medidas como os cribados masivos naquelas cidades e nos concellos máis afectados. E, nomeadamente, hai unha preocupación que entendemos que é un leitmotiv da sociedade no tempo en que estamos, e neste momento especificamente, como é o deseño dun plan de vacinación con medios, con persoal, con calendario, cun mando único, e que sexamos quen de coñecer a loxística en tanto e en canto todos os grupos que aquí estamos representados temos responsabilidades en moitas outras administracións e é indispensable que esas administracións teñan coñecemento, que eses grupos teñan coñecemento, para sermos capaces de sacar a adiante este país do mellor xeito posíbel ante unha situación sen precedentes na historia.

Polo tanto, nós cremos que a sociedade galega merece unha resposta, merece unha resposta sobre o protocolo —como dicía— da vacinación e os centros hospitalarios, merece saber como se vai compaxinar este proceso co funcionamento ordinario dos centros sanitarios, como se vai convocar a poboación, cales van ser os expedientes médicos das persoas maiores que poidan ter estas doenzas. E, loxicamente, eu creo que ninguén entende que todas esas cuestións, todos eses debates, poidan levarse a adiante nalgún outro lugar que non sexa o Parlamento de Galiza, e que non sexa o principal responsábel da Xunta de Galiza quen dea este tipo de explicacións, explicacións no sanitario e explicacións no económico. Porque estamos ante unha situación económica —como probablemente nunca se deu en décadas— que preocupa a este pobo, a esta poboación. E estamos ante medidas que xeran unha incerteza e unha sensación de non ver a luz ao final do túnel por tantos e tantos miles de galegas e de galegos que se atopan con que, dun día para outro, os seus negocios teñen que estar na práctica pechados, e que non entenden como é posíbel que, no mesmo DOG en que o Goberno galego implementou estas restricións, non se contemplan medidas para paliar os efectos destas propias restricións. E non o entenden porque, ademais, é un escenario que a ninguén nos escapa —e a propia Xunta de Galiza así o fixo público en varias ocasións— que era un escenario que se podería dar.

Polo tanto, creo que o Parlamento de Galiza debe dirimir todas estas cuestións. Creo que é tempo de que todas e todos arrimemos o ombro, que confrontemos, loxicamente, dende as discrepancias e as diferentes perspectivas que hai. Pero cremos que isto non se pode resolver a través da prensa e é necesario estar á altura do momento histórico. É necesario que a sociedade perciba un parlamento activo, implicado, con capacidade de chegar a acordos, de diverxer no que sexa necesario pero, dende logo, implicado en que saiamos a adiante, como pobo, desta pandemia, e que sexamos capaces de chegar a acordos en tantas cuestións que son —remato, presidente, de verdade— fulcrais para o futuro deste país: a sanidade, a economía, e tamén, por que non, as cuestións dos fondos europeos —que tan necesarios van ser para o futuro deste país—, a súa xestión e, sobre todo, o investimento de cara ao futuro.



Creemos que en democracia non cabe outra cousa. Neste Parlamento reside a soberanía do pobo galego, e, ante un momento histórico como o que estamos a vivir, o presidente da Xunta deber comparecer nun pleno extraordinario para abordar todas estas cuestións. Non é unha demanda do BNG, é unha demanda do pobo galego.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo Sobral.

Rolda dos grupos non propoñentes.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Caballero.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados membros desta Deputación Permanente, estamos vivindo nunha onda de enorme gravidade polos rebotes e polos riscos de contaxio que se están producindo en Galicia. A primeira onda colleu o conxunto do sistema sanitario nun escenario de imprevisión; na segunda onda traballamos para paliar as debilidades existentes; e agora estamos afrontando, nada máis empezar este ano 2021, un escenario de rebotes e de contaxios que nos ten que preocupar a todos fondamente, que nos ten que preocupar porque, se temos que entender as políticas públicas como servizo aos cidadáns, o primeiro que temos que facer é protexer a saúde da xente e, a renglón seguido, protexer a economía da cidadanía do noso país.

Temos que darlles unha mensaxe clara, nítida, ás familias que teñen neste momento persoas ingresadas pola covid en tantos centros hospitalarios e a tantos cidadáns que en Galicia hoxe están contaxiados polo virus, e temos que darlles un respaldo en todos os ámbitos para que saiban que as administracións autonómicas en Galicia están apoiando a xente, apoiando as persoas, ante unha situación tan grave e de tanto risco. Temos que ter esa mensaxe humana de proximidade e tamén a responsabilidade política de respaldar con todas as competencias estatutarias un país que sofre momentos de enormes dificultades, enormes angustias, problemas sanitarios e problemas económicos. E, para iso, o Goberno galego ten moito que facer. Tendémoslle unha vez máis a man para traballar en prol da defensa da saúde, en prol da reactivación, en prol do apoio á nosa sociedade e á nosa xente. Eu creo que é o momento de ter esa altura de miras entre todos e entre todas.

E hoxe eu vou ser portavoz do señor Feijóo. O señor Feijóo vai estar no Parlamento galego explicando a terceira onda. Non entendería ninguén en Galicia que o presidente da Xunta, que di que hai que facer un esforzo titánico para protexer a xente, non acuda á sede parlamentaria que representa o pobo galego a explicarlles aos cidadáns as dificultades sanitarias e a reactivación. Non hai un só galego que poida entender que o presidente da Xunta de Galicia, ante esta terceira onda que a tantos nos preocupa, non vaia acudir á sede parlamentaria de forma inmediata para dar transparencia, para explicar, para acordar. Non pode resistirse eternamente a estar no Parlamento galego ante os momentos de maior dificultade que existen no noso país. E é por iso que entendemos, dende logo, ese exercicio da *accountability* —da





responsabilidade—, das exixencias ao Goberno galego, na figura do seu presidente, para que, ademais de comparecer en roldas de prensa, estea tamén no Parlamento de Galicia ao inicio deste ano 2021 para explicar, para falar, para falar co pobo a través dos representantes parlamentarios e para avanzar nas posibilidades de acordo ante a crise de maior envergadura.

As restricións que se decretaron dende o Goberno da Xunta son restricións moi severas. Toda Galicia vive hoxe en situación de risco extremo ou medio-alto. Máis dun millón de persoas, máis dun millón de galegos e galegas, espertan hoxe sabendo que o nivel de restricións que teñen hoxe son moito máis severas que as que tiñan onte ou antonte. ¡Como non vai acudir o presidente da Xunta! ¡Como os deputados e deputadas do Partido Popular non van defender que o presidente de todos os galegos e galegas compareza en sede parlamentaria para explicar a situación, os retos, as medidas, para dialogar e para tender a man ao conxunto do país e ao conxunto das forzas parlamentarias!

É unha cuestión de tempos e de resistencia por ese pánico que lle pode dar a quen goberna ter que explicar e debater do que ocorre, pero hai que facelo por responsabilidade. E o Grupo Parlamentario Socialista insta tamén o presidente da Xunta de Galicia para que non dilate máis esa comparecencia, que o faga ao inicio deste período de sesións e que compareza en sede parlamentaria para falar de forma monográfica sobre o tema que a todos nos preocupa, que é a nosa vida, a nosa economía, a situación deste inicio de ano, que é tan complexo.

E é certo que temos un presidente da Xunta que, cando as cousas van ben, se pon rapidamente as medallas; pero que, cando as cousas non van tan ben, a responsabilidade é do Goberno en Madrid, ou incluso da cidadanía galega —que está tendo en termos xerais un comportamento exemplar, de prudencia, de responsabilidade, de aguante nos comportamentos, nas restricións dos seus movementos, nas restricións da súas liberdades, e tamén aguantando unha crise económica para tantos sectores tan dura—.

Hai un conxunto de rebrotes que nos preocupa moito. O nivel dos contaxios —din os expertos sanitarios, tamén os que asesoran o PSdeG— está nun nivel moi preocupante para todos. E temos que saber compaxinar esa pinga de esperanza que chega coa vacina, que está sendo a mellor garantía para a esperanza do 2021, con esas medidas que teñen que marcar unha protección fronte aos rebrotes, porque o estamos vendo en moitos ámbitos —tamén nas residencias de maiores, onde estamos conseguindo establecer as vacinas para protexer a poboación máis vulnerable pero onde tamén, ao longo destes últimos días e semanas, estamos vendo rebrotes e vendo residencias que houbo que intervir por contaxios masivos ao inicio desta terceira onda—.

Fronte aos recortes en sanidade pública, fortalezcamos a atención primaria e contratemos persoal sanitario estable; fronte ao déficit do sistema de rastrexo en Galicia —que estivo na cola do rastrexo do conxunto das comunidades na segunda onda—, melloremos o sistema de rastrexo para esta terceira e consigamos dotar de persoal suficiente o sistema de rastrexo galego; fronte ás desconfianzas insensatas e irresponsables contra as vacinas, desenvolvamos un programa de vacinación que chegue a todos na medida en que haxa vacinas. Afrontemos dende xa ese reto esperanzador de comprometer a levar a cabo con rapidez o plan de vacinación. Porque —é certo— estamos na parte do mundo que está recibindo as vacinas



dende o primeiro momento, estamos na parte do mundo que está tendo a vacina de Pfizer ou a de Moderna, na Europa que consegue estas cuestións. E iso hai que convertelo nunha batalla continua, cunha unión e un acordo entre todas as forzas políticas para que non haxa unha vacina recibida que sexa unha vacina non usada. A vacina é a mellor garantía ante a maior crise, e a vacina ten que ser usada con todos os mecanismos.

Non serven os discursos desleais, de confrontación, de ruptura, que temos escoitado dende a bancada do Partido Popular sobre a repartición das vacinas, que se fixo con criterios obxectivos e con total rigor; unha deslealdade que nin tan sequera o PP en España pode respaldar, por moito que teña distintos discursos. Xestionen as vacinas. Fan ben en rectificar ese discurso co que dicían vostedes que non usaban as vacinas porque había que telas gardadas para a segunda dose. Os propios feitos amosan como tiveron que tragar esas verbas. E fan ben en poñer as vacinas porque hai un plan de chegada de vacinas pactado entre as institucións europeas, o Goberno de España e o resto de gobernos para que as vacinas poidan chegar de forma acorde cos seus destinatarios nas doses que necesitan.

É o momento da responsabilidade, da transparencia, da coordinación. Eu quero lembrar aquí que hai dous meses o presidente da Xunta de Galicia sinalaba que dicir que ía haber vacinas ao principio do 2021 era un anuncio altisonante do Goberno de España. Porque o señor Feijóo o 15 de novembro dicía que a vacina chegaría no segundo trimestre do ano 2021. Errou, e alegrámonos de que errase non por tentar facer confrontación co señor Feijóo e o Partido Popular, senón porque, que a vacina chegue aos galegos e ás galegas, é a mellor garantía. E o propio presidente da Xunta ten que estar á fronte do plan de vacinación, do impulso e da confianza nas institucións europeas e españolas, que conseguen ese mecanismo de vacinas para protexer a xente. É unha vitoria de todos, non nos poñamos a facer trampas.

E, xunto con iso, temos que apostar por unhas propostas económicas que despreguen as posibilidades de protexer a xente. Aquí o Partido Popular quere aparentar ser un gran xestor. Pero miren, ¿vostedes acórdanse de cando dicían que establecer o estado de alarma tiña un custo demoledor na reputación para os gobernos e que era un enorme caos?, ¿vostedes acórdanse de cando o señor Feijóo dicía que dar o número de contaxios aos concellos era algo moi perigoso?, ¿vostedes acórdanse de cando dende a Xunta de Galicia dicían que ían eliminar o toque de queda, de que non ía haber toque de queda en Galicia?, ¿vostedes acórdanse de cando dende a Xunta de Galicia se opuñan a que houbera un peche perimetral de Galicia para que se permitira que viñera xente de Madrid ata Baiona ou ata Cedeira cando non se podía ir dende Vigo ou dende Ferrol?, ¿vostedes acórdanse de cando se anunciaban 6.152 rastrexadores e aos quince días soamente 700?, ¿vostedes acórdanse de cando non daban os protocolos aos concellos ou de cando o señor Feijóo, como acabo de dicir, hai dous meses dicía que non habería vacina ata o segundo trimestre do ano 2021?, ¿vostedes acórdanse de que a propia conselleira de Igualdade e Emprego —que está debutando— dixo en sede parlamentaria que ao longo de 2020 as axudas que deu a Xunta de Galicia para autónomos e para as pequenas empresas foi de 22 millóns de euros en todo o 2020, no que as rendas dos galegos e galegas caeron en 6.000 millóns de euros?

Hai moito que facer. Baixen da prepotencia. Póñanse a colaborar e traballemos xuntos para sacar o país da situación máis complexa. Nós xa sabemos que hai un goberno lexítimo, unha



maioría ampla cos votos para gobernar catro anos. Pero temos que sacar Galicia a adiante, e para iso queremos traballar arreo polos intereses dos galegos e das galegas. E, dende logo, non plantexando cuestións que nos parecen insuficientes, como esa axuda aos sectores produtivos máis afectados. ¿Como é que, se o ano pasado o Goberno de España remitiu 224 millóns de euros para a reactivación do tecido produtivo galego ante a crise —224 millóns—, vostedes fagan o balance en todo o ano de dar 20 millóns de euros aos autónomos e ás pequenas empresas, que incorporan a hostalaría, restaurantes, bares e tantos sectores? ¿Non son números que preocupen os galegos e as galegas? Eu creo que si, e eu creo que as cousas se poden facer mellor. Tamén creo que é un erro que onte na Comisión de Orzamentos o Partido Popular votase en contra dunha emenda para aumentar en 62 millóns de euros os fondos de rescate para a hostalaría, para o pequeno comercio e para os autónomos, porque chegan aos orzamentos de Galicia máis de 1.100 millóns de euros a maiores para este 2021 e, polo tanto, hai fondos para rescatar e salvar o tecido máis afectado por esta crise. Ademais de decretar un peche encuberto da hostalaría por estas medidas tan restritivas, que nós respectamos e acatamos, que non estamos cuestionando de forma conxunta —e algunhas delas é evidente que non sempre son as mellores, pero entendemos a dificultade que ten o presidente, o Goberno e a Consellería de Sanidade para xestionar este panorama tan complexo—, pedímoslles que despreguen todas as capacidades que protexan a saúde, que protexan o fortalecemento da atención primaria...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CABALLERO MIGUEZ:** ...que fagan un bo sistema de rastrexo e que rescaten a economía desta situación tan crítica. Para iso esperamos a comparecencia do presidente da Xunta e tendemos, dende logo, a man para construír dende unha oposición crítica, alternativa, pero que, dende logo, entende as complicacións que ten un goberno para gobernar esta crise.

Moitas grazas, señorías.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente.

Ben, estamos hoxe convocados e reunidos para tratar a posibilidade de que a Deputación Permanente convoque un pleno extraordinario para que compareza o presidente para informar sobre a terceira onda da covid e a campaña de vacinación. Este é un escrito que se rexistrou polo Grupo Parlamentario do Bloque á unha, ás 13.00 horas, do día 11, é dicir, hai xusto tres días.

Esta petición ten algún antecedente. En primeiro lugar, o día 30 de decembro —aínda en período ordinario— o Goberno rexistrou a comparecencia do propio Goberno para informar nesta Cámara sobre a vacinación, por parte da directora xeral de Saúde Pública; unha comparecencia que o martes 12 —é dicir antonte— a Mesa da Comisión 5ª incluíu na reunión



desa comisión que se vai celebrar mañá, no primeiro día hábil do período ordinario de sesións.

É dicir, como primeira conclusión pode salientarse que o Goberno tivo moita preocupación — máis rápida e anterior á da propia oposición — para vir a esta Cámara a informar sobre a campaña de vacinación, unha campaña de vacinación da que o Parlamento vai ter conta o primeiro día do período hábil.

Pero é que, adicionalmente, o Bloque, o mesmo día luns no que se daba unha rolda de prensa na que xa se anunciaba que se ía pedir unha comparecencia urxente no Parlamento, rexistrou un primeiro escrito ás 10.00 horas, no que solicitaba que a Deputación Permanente xa fose coa comparecencia; o que, por ser formalmente incorrecto — dado que só se pode pedir unha deputación para que se convoque un pleno cando estamos en período non ordinario —, suscitou un segundo rexistro do papel que estamos agora debatendo ás doce e cuarto, que ademais tiveron que rexistrar ao día seguinte — polo tanto, o día 12 —.

Ben, se vostedes fan unha primeira conta, primeiro hai que felicitar a Mesa e o presidente pola rapidez coa que nos convocaron, posto que o papel que suscita esta reunión é do día 12, e hai que convocar unha Mesa e habería que convocar unha sesión da Deputación Permanente e un pleno. E calquera que coñeza isto — como estou seguro de que coñece o Bloque, que é unha forza parlamentaria asentada — sabe que é material e regulamentariamente imposible celebrar o pleno que hoxe nos piden, porque non hai tempo nin sequera para a súa convocatoria. É imposible que a Deputación Permanente convoque un pleno en período ordinario que comeza esta noite ás cero horas. Polo tanto, indo ás cuestións formais — porque son importantes —, o que se pode ver é que claramente estamos convocados non para facer unha convocatoria formal, que é de imposible cumprimento, senón que estamos convocados para falar doutras cousas, o que, por outra banda, é perfectamente lexítimo.

A min o que me preocupa é que se deslice — sobre todo na rolda de prensa, non hoxe — que o Parlamento ten que estar activo nesta etapa de pandemia. Eu quero precisamente poñer enriba da mesa o traballo de todos os grupos, de todos os grupos e do conxunto da Cámara, que dende que rematamos o pleno o 23 de decembro, véspera de noiteboa, tivemos reunións o luns 28 — houbo Mesa e ponencias —, o martes 29 — tres comisións e dúas ponencias —, o mércores 30 — unha Mesa e dúas comisións —, o luns 4 — no que tivemos a ponencia de orzamentos —, o venres 8 — dúas ponencias de leis —, o luns 11 — dúas Mesas e a rolda de prensa que mencionei —, e o martes 12 — reunión de presidentes de comisións, que xa fixou o calendario, mais catro Mesas de comisións, incluída a da 5ª, coa comparecencia do Goberno para informar sobre o plan de vacinación —, o mércores 13 e o xoves 14, os dous días finais do período non ordinario, como saben todos vostedes, estamos desenvolvendo a Comisión 3ª, mañá e tarde, para os orzamentos.

É dicir, que o Parlamento non estivo de vacacións, e o Goberno quixo comparecer na Cámara e pediuno. E vaino facer o primeiro día hábil para explicar o plan de vacinación. Polo tanto, a Cámara está a cumprir a súa función e pouco hai que cuestionar, entendo eu, sobre a dispoñibilidade do Goberno para informar a Cámara sobre o que está a facer nunha cuestión tan importante como é a da campaña de vacinación.



Eu creo que o respecto ao Parlamento en xeral hai que mantelo, pero, en todo caso, cando se pide respecto habería que pedilo por todas as partes. Hoxe díxose literalmente aquí que as cuestións relacionadas coa pandemia e mesmo o debate parlamentario ten que celebrarse na Cámara, que non se pode resolver a través da prensa. E eu decátome de que quen solicita esta reunión da Deputación Permanente, como primeiro asinante da reunión, hoxe non está aquí e está dando unha rolda de prensa, na que, por certo, está aventurando o colapso do sistema sanitario. Polo tanto, é unha información que é un pouco arriscada. E ademais está imputándoo a supostos ou falsos recortes do pasado, que obxectivamente non existen.

Certamente, non houbo nada parecido ás vacacións no período parlamentario, e tampouco as houbo por parte do Goberno. Eu quero recordar que houbo comités clínicos o día 21 e 28 de decembro, que o subcomité se reuniu o 4 de xaneiro e o 8 de xaneiro, e o último comité clínico foi o 12 de xaneiro, que foi o que tomou as últimas decisións, o que dá boa mostra do seguimento constante polos especialistas do control e das indicacións que se van adaptando ás circunstancias do que é —efectivamente, coincidimos— un drama, e que non debemos de minimizalo.

Pero o certo é que sen minimizar os efectos deste drama, Galicia amosa en xeral, e ao longo deste período desde marzo, mellores datos, datos menos malos, que o conxunto de España. Na última actualización do Ministerio pois pódese ver que estamos por baixo da media, consistentemente, en número de diagnosticados a catorce e a sete días; en capacidade asistencial —que polo visto está a punto de estoupar— Galicia, en camas ocupadas por covid, 6,23 % e España, 14,64 %; en camas UCI en España, 27 % mentres Galicia, 10 %—; en taxa de positividade por 100.000 habitantes —do 3 ao 9 de xaneiro— en España é do 16 % e en Galicia, do 9 %.

E, se falamos da vacinación, é evidente, como todos sabemos, que Galicia vai á cabeza. Os datos que coñecemos, os últimos —tamén feitos públicos polo Ministerio—, é que en España se puxeron o 65 % das vacinas distribuídas; e en Galicia, o 88 %. Isto era o día 12, e hoxe, co último dato do día 13 —porque aí depende do envío, e loxicamente dun envío que despois hai que repartir, que particularmente en Galicia leva vinte e catro horas—, en España puxéronse o 52,7 % das vacinas recibidas e en Galicia, o 67 % —que é a terceira, ben lonxe, por certo, doutras comunidades autónomas que teñen un sistema sanitario moitas veces eloxiado nesta Cámara, como o do País Vasco, co 37 %, por exemplo—.

Todos estes datos amosan que se poñen as vacinas que chegan, e que, se non se poñen máis, é porque non chegan. Hoxe o doutor Federico Martín, que é un experto en vacinas, díxo precisamente nun artigo periodístico.

Os xeriátricos, entre hoxe e mañá, terán todos os seus ingresados, os que viven en residencias, vacinados; así como os seus coidadores. Xa se empezou co persoal sanitario e despois empezárase cos grandes dependentes. Insisto, aquí pónense as vacinas ao ritmo que chegan.

O dato que sería preocupante, se é o caso, é que Galicia figura nas estatísticas como a terceira que pon máis vacinas pero é a sexta en poboación protexida. Calquera pode deducir facil-



mente cal é a circunstancia. Se somos dos que máis poñemos e non somos dos que máis protección temos, é evidente cal é a conclusión, e é que deberían chegarnos máis vacinas.

O señor Caballero aspira a ser portavoz do señor Feijóo, pero habitualmente é o portavoz do señor Sánchez. Entón, xa que o fai así, eu o que lle agradecería, primeiro, é que lle diga que aquí somos capaces de poñer máis vacinas e, segundo —xa que lle gusta que comparezan os presidentes na Cámara—, que tamén compareza de cando en vez, que, despois de decretar o estado de alarma durante seis meses, aínda non compareceu para falar destas conclusións.

Conclúo, señor presidente. A situación é grave, e eu agradezo que o ton sexa o que é, porque 69.000 galegos contaxiados, 315 ingresados nos hospitais os últimos sete días —50 ultimamente nas UCI— e 1.463 falecidos aconsellan e recomendan que tratemos este tema con toda a seriedade posible, así como todos os sectores afectados, particularmente a hostalaría, o comercio e o ocio, que son os que máis están a sufrir as consecuencias da pandemia.

E, por suposto, o Goberno informa mañá na Cámara sobre o plan de vacinación, e o martes na Xunta de Portavoces fixaremos as comparecencias do próximo pleno que hoxe desgraciadamente non podemos convocar, aínda que si podemos aproveitar para agradecer o esforzo social, o esforzo do persoal sanitario, o esforzo da Administración autonómica e o esforzo de toda a sociedade galega, á que apoiamos e recomendamos que sigan os consellos e as directrices que se marcan desde o Comité Clínico, porque iso é o que nos vai protexer a todos dunha terceira ou dunha cuarta onda —aínda máis letal— da pandemia.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Rolda de peche do grupo proponente.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Lourenzo Sobral.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Moitas grazas, presidente.

A min, señor Puy —que sabe que o escoito ademais sempre con moito respecto e con moita atención—, lembrábame agora de cando no debate de investidura nos falaba de Max Weber e das teses da convicción e da ética da responsabilidade. E un pensaba en cando nos contará o final do libro —e sabe vostede perfectamente que non serei eu quen cometa a ousadía de polemizar con vostede neste aspecto—, no que ao final a ética da convicción ¡vaia se pesaba! E o propio Weber tivo que matizar ese clisé. ¡Ben pouco tardamos!

E digo isto, porque nós de verdade que lamentamos profundamente que nesta Deputación Permanente, coa que está caendo no noso país, pois se empregue unha vez máis ese pim-pam-pum entre Sánchez e Casado para a defensa dos intereses do señor Feijóo, e que, ante unha situación de pandemia como estamos a vivir, veña empregar estas cuestións en temas que eu creo que non son os que preocupan de verdade as galegas e os galegos. Isto non vai de poñerse medallas de xestión, nin de acusar os outros de botarnos responsabilidades á ca-



beza uns a outros. Isto vai dos hostaleiros, que onte recibiron unha nova e que non saben cal vai ser o seu futuro. Isto vai dos sanitarios, que están esgotados e que non teñen coñecemento de cal vai ser a perspectiva ante esta terceira onda da pandemia. Isto vai das traballadoras das residencias. E isto vai de tantos sectores deste país que eu, de verdade, creo que precisan dunha moi outra actitude.

E dicimos que se vai comparecer aquí para falar das vacinas. Bueno, ¡so faltaría, señor Puy! Pero de verdade que ante unha situación como a que estamos a vivir, cunha incidencia que se duplica a catorce días —estamos agora en 325 por cada 100.000 habitantes— e coa situación hospitalaria que o propio Goberno galego é o que está a dicir que se pode converter en algo alarmante, ¿de verdade que o presidente da Xunta non ten nada que dicir neste Parlamento?, ¿de verdade que todo o que vai ofrecer o grupo que sostén o Goberno é entrar nun pim-pam-pum co señor Pedro Sánchez, botar balóns fóra e deixar os galegos exclusivamente ante esta situación, que nós cremos que merece —¡claro que si!— que a comparencia teña lugar neste Parlamento.

E facía vostede, señor Puy, referencia aos argumentos técnicos da imposibilidade de convocar ese pleno. Mire, eu, se lle parece, se o ten a ben, fágolle unha proposta: retiramos a votación desta Deputación Permanente e xuntámonos a semana próxima para tratar a convocatoria dun pleno no que compareza o señor presidente da Xunta para abordar esta situación. Se o debate é técnico, queda esta proposta enriba da mesa. ¿Está disposto o grupo que sostén o Goberno a asumir esta xuntanza para convocar ese pleno e que compareza o señor presidente da Xunta? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) O que lle estou proponendo é retirar esta votación. Se é esa a cuestión, se o debate é técnico, esa é unha opción. O que pasa é que, unha vez máis, estamos asistindo a unha táctica habitual á que nos ten afeitados o grupo que sostén o Goberno, que non é outra que a de empregar argumentos técnicos para xustificar o que son decisións políticas.

Nós, polo tanto, estamos convencidos de que, ante unha situación deste tipo, ninguén entende que o presidente da Xunta non compareza neste Parlamento. Porque, dende logo, se hai un momento no que cómpre que este Parlamento e os grupos que aquí estamos representados amosemos altura de miras, que poñamos este Parlamento no lugar que lle corresponde e sexamos quen de trasladarlle ao pobo galego que esta situación require o esforzo e —insisto, ¡por que non!— o acordo de todos nós, é agora.

Nós, dende logo, temos absolutamente claro que polo BNG non vai ser. Esta man segue, como non pode ser doutro xeito, tendida para aportar todo o que sexa posíbel, todo o que sexa necesario, para solucionar os problemas históricos que estamos a padecer. E, dende logo, non entendemos como en algo tan elemental —que ante unha situación de crise histórica, unha situación sanitaria, económica e social que ten este país absolutamente alarmado, o presidente da Xunta de Galiza non compareza neste Parlamento— o grupo que sostén o Goberno se dedique a botar balóns fóra e a entrar nese pim-pam-pum sistemático co Goberno de Madrid. Mentres, as galegas e os galegos estamos aos pés dos cabalos e nunha situación na que —insisto— debemos chegar a acordos, debemos poñer todos da nosa banda. E non se explica nin ninguén entende que isto se teña que facer —repito, si— nos medios de comunicación, como está facendo o Goberno, e non neste Parlamento.



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** A pregunta é evidente, e loxicamente traémola aquí. O presidente Núñez Feijóo tamén é membro desta Deputación Permanente. ¿Onde está?

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** ¿Onde está?

Remato, presidente.

Polo tanto, nós entendemos... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Exactamente igual que a nosa portavoz nacional... *(Murmurios.)*

Polo tanto, señores do Partido Popular... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

**O señor LOURENZO SOBRAL:** ...—se me permiten—, esta é unha demanda do pobo galego. Ninguén entende que nunha sociedade democrática merecente de tal nome o presidente da Xunta de Galiza non compareza ante unha situación deste tipo. E, dende logo, polo BNG non imos aforrar esforzos para que este país saia adiante nesta situación.

Nada máis e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lourenzo Sobral.

Rematado o debate, procedemos á votación.

*(O señor Puy Fraga pide o a palabra.)*

**O señor PUY FRAGA:** Perdón, señor presidente, é unha cuestión de orde.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Si?

**O señor PUY FRAGA:** É que o señor proponente da convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia do señor presidente dixo que estaba disposto a retirar a votación no suposto de que estivésemos de acordo con que a semana que vén fagamos unha reunión para tratar a posible comparecencia do señor Núñez Feijóo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A dita reunión xa está convocada, que é a da Xunta de Portavoces do martes ás once e media. E dado que a reunión xa está convocada, eu pregunto se mantén a súa proposta de que, se hai unha reunión para tratar ese tema, retira a votación.

*(O señor Lourenzo Sobral: A cuestión sería a convocatoria dun pleno extraordinario no que compareza...)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*





**O señor PUY FRAGA:** Vostede dixo unha reunión para tratar este tema. A reunión está convocada. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

É unha aclaración que, bueno, que está ben...

*(O señor Lourenzo Sobral: A nosa proposta é facer unha nova xuntanza, pero para a convocatoria...)* *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Eu creo que quedou claro xa.

*(O señor Lourenzo Sobral: ...dun pleno extraordinario no que compareza o señor Feijóo para falar deste tema, non para incorporalo á orde do día do pleno. Non me faga trampas, señor Puy.)*

**O señor PRESIDENTE:** Iso é o que imos falar agora aquí. Iso é o que imos votar agora.

Vamos votar. É bo que se aclare todo. Quedou todo claro, así sabemos o que temos que votar.

*Votación sobre a solicitude, do G. P do Bloque Nacionalista Galego, de convocatoria dun pleno extraordinario para a comparecencia do señor presidente da Xunta de Galicia para informar sobre as medidas que se van adoptar para frear a terceira onda da covid-19, o plan de vacinación e as medidas para compensar os sectores económicos máis afectados pola pandemia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 13.*

*O resultado da votación é negativo.*


*En consecuencia, queda rexeitada a solicitude.*

**O señor PRESIDENTE:** Non temos máis asuntos e levántase a sesión.

E prego que ao saír non nos xuntemos moito aquí, se é posible. *(Murmurios.)* Bueno, ¡que máis quixera que poder xuntarnos!, pero xa saben vostedes polo que é. Eu, consecuentemente, xa me despido de todos vostedes.

*Remata a sesión á unha e cincuenta minutos da tarde.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

